



Xullo 2006

Periódico labrego de información
técnica e sindical

Número de rexistro: 980635

T Á B O A

■ Galiza

A primeira Mesa da Pataca en Galiza remata sen acordos

O 22 de xuño, celebrábase en Xinzo de Limia a primeira Mesa da Pataca da historia. O foro de diálogo só serviu para ter unha primeira toma de contacto entre os axentes do sector, que case chegaron a un principio de acordo no prezo para a pataca de calidade, para a que o Sindicato Labrego pediu 18 céntimos. **Páx. 8**

■ Viños

Bruxelas e Madrid apúntanse á globalización dos viños

As nosas denominacións de orixe están ameazadas pola vaga globalizadora á que se veñen de apuntar o Ministerio de Agricultura, co seu proxecto "Viñedos de España"; e a Comisión Europea, cunha nova reforma da Organización Común de Mercado (OCM) do Viño. **Páxs. 10 e 11**

■ Agroecoloxía

Campaña para declarar Galiza limpa de transxénicos

O Sindicato Labrego Galego vai comezar unha campaña, explotación por explotación, para declarar a Galiza país ceibe de transxénicos. Esta iniciativa terá os seus principais obstáculos na produción de millo e na alimentación animal, invadidas pola manipulación xenética. **Páx. 13**



**SINDICATO
LABREGO
GALEGO
COMISIONES
LABREGAS**

Rúa Touro nº 21, 2º

Santiago de Compostela

Tlf. 981 554147 ; Fax 981 572570

e-mail: prensa@sindicatolabrego.com

www.sindicatolabrego.com

O Ministerio de Agricultura racha compromisos e copia a política leiteira do PP

■ O novo plan leiteiro deixará que o 80% da cota abandonada no Estado fique na súa comunidade autónoma de orixe, o que beneficiará ás explotacións máis grandes.

■ Galiza e as explotacións de tipo labrego que máis necesitan un aumento de dereitos para garantir a súa viabilidade, volverán ser as máis prejudicadas. **Páx. 9**



Verín xa ten un mercado semanal de produtos frescos da terra da man do SLG

O 1 de xullo inaugurábase en Verín un mercado semanal de produtos frescos da terra. Trátase dunha iniciativa impulsada polo SLG que busca facer máis rendíbel a actividade agraria na comarca e, de paso, afortalar as relacións entre labregos e labregas e a

xente que merca. O acto inaugural foi aproveitado pola Secretaria Xeral do SLG, Lidia Senra, para reivindicar novas normativas que dean cobertura á produción artesanal e caseira de alimentos, moi restrinxida pola actual lexislación. **Páxs. 2 e 3**

Comeza o traballo para regular a produción e elaboración de alimentos artesáns



O Sindicato Labrego mantivo en xuño unha primeira xuntanza para debater as súas achegas a unha posíbel normativa que regule a elaboración e produción de alimentos artesáns en Galiza. Deste xeito,

comeza a articularse unha alternativa á Lei de Calidade Alimentaria do PP aínda vixente hoxe en día, unha norma tremendamente restritiva que impide a elaboración, transformación ou o envasado de alimentos artesáns para vender nos mercados locais. **Páxs. 4 e 7**

A Axencia Tributaria da Estrada mantén os servizos grazas ao SLG

A intensa campaña de mobilización social iniciada polo Sindicato Labrego na Estrada (Pontevedra), vén de obter os seus froitos. O Ministerio de Economía e Facenda manterá os servizos que sempre ofertou na oficina da Axencia

Tributaria desta vila. Isto aconteceu despois de que o SLG da bisbarra conseguise implicar a boa parte dos axentes sociais afectados polo recorte de prestacións planificado dende Madrid. **Páx. 5**



Edita:

Edicións Fouce

Departamento de Publicacións de
Servicios Agrarios e Contables S.L.
CIF: B - 27165646

Coordinación:

Xosé García

Colaboracións: Ramón

Barreiro, Xoán Monasterio,
Charo Sánchez Parga, Anxo
Pérez Rúa, Isabel Vilalba,
Carme Freire, Ero Rozas, e
Marcos Louzao Outeiro.

Deseño e maquetación:

Xosé García

Sede da redacción:

Rúa Touro nº 21, 2º
Santiago de Compostela
Tif: 981 580449
Fax: 981 572570

Depósito Legal: C-749/88



LOCAIS

SANTIAGO DE COMPOSTELA
Rúa Touro nº 21, 1º. Tif. 981 588532
MELIDE - Praza do Convento nº2
ARZÚA - Rúa Padre Pardo nº24, 1º D
Tifno. 981 508 177
MUXÍA - Antiga autoescola Quintáns
CARBALLO
Rúa Río Sil nº 52, Baixo. 981 703169
MAZARICOS - Bar Jurjo
SANTA COMBA
Rúa Pontevedra, Tif/Fax. 981 880909
ORDES - Rúa Xeneralísimo nº 38, 1º
Tif. 981 682908
PONTE CARREIRA - Bar O Taxista
BETANZOS
Praza da Constitución nº 4, 1º.
Tif: 981 773377
SARRIA
Rúa Nova 60, entrechán. 939 274186
CURTIS
Av. do Xeneralísimo nº 64. 981 786654
SAN SADURNIÑO - 981 490430
Lugar de Outeiro s/n
AS PONTES - Rúa Balsa nº 28
O BARCO - Casa sindical
Tel. 988 321511 / Fax: 988326723
CELANOVA - Rúa Areal nº6, baixo.
Teléfono: 630 970 131
O CARBALLIÑO, Casa sindical
Teléfono: 630 970 131
VERÍN
Travesía de Sousas nº 20, Galerías
Maga Tif. 988 590438; Fax 988 590439
RIBADAVIA
CIG Casa Sindical. Tif. 988477230
Fax. 988477230
XINZO
Casa Sindical Tif. 988 462547
TRIVES - CIG Casa Sindical
Teléfono 699 924 634
LUGO
Miguel de Cervantes nº47, ent.
Tif. 982 231154
MONFORTE
Local da CIG en AISS. Tif. 982 403005
CHANTADA
Praza do Concello, baixos AISS
Tif/Fax: 982 462103
ESCAIRÓN - Local da Cámara Agraria
RIBADEO - Av. de Galiza nº20, 3º. AISS
Tif/Fax. 982 130615
LOURENZÁ
Av. da Mariña nº11, 1º. Tif. 982 121376
VILALBA - Cidade de Viveiro 1 ent. A.
Tif.982 512431
A ESTRADA - Capitán Bernal nº10, 1º
Tif/Fax 986 573232
AGOLADA - Bar Central
FORCAREI - Casa do Concello
MEIRA - Xeneralísimo 47-49. Edf. Miño
Entrechán E. Tif/Fax: 982 331714
LALÍN
Arenal nº1, ent 3. Tif. 986 782191
SILLEDA - Avenida do Parque, 32
Centro comercial O Parque, oficina 12
986 580526
TEIXEIRO - Rúa Martínez Pardo nº13,
1º esq / Tifno. 981 789 781
PONTEAREAS
R/ Darío Bugallal nº15, 1º. 986 641508
Martes a xoves, de 10.00 a 13.00
O ROSAL - Rúa Ramón Franco, Edf.
Rosales. Tif. 986 625 394
O SALNÉS
Av. Bouza Matín nº 9, 1º. Barrantes,
Ribadumia. Tif. 986 711825
VIANA DO BOLO Antigo centro de
saúde. Tifno. 629 621 047

O mercado de produtos frescos de Verín inaugúrase con éxito

A iniciativa promovida polo Sindicato Labrego pretende dinamizar a economía agraria da comarca


A idea naceu no verán de 2005, na campaña contra a Organización Mundial do Comercio. Daquela, do 1 ao 3 de agosto, instalábase en Verín unha carpa na que afiliados e afiliadas do SLG venderon produtos da terra como

alternativa ao mercado globalizado. Case un ano despois, o pasado 1 de xullo, o Sindicato Labrego retomou a idea para que Verín conte cun mercado semanal de produtos frescos da terra, os sábados na Praza García Barbón.

Diversas autoridades apoiaron a apertura deste mercado semanal verinés, que se celebrará na mañá dos sábados. Estiveron, por parte do Sindicato Labrego, a súa Secretaria Xeral, Lidia Senra; e o responsábel dos sectores agrarios, Xosé Manuel González Vilas. Tamén apoiou a Xunta, coa asistencia do Director Xeral de Montes, o verinés Alberte Branco.

Lidia Senra comentaba que "para o Sindicato Labrego Galego, este mercado de Verín é unha aposta moi importante. Dende hai tempo, vimos defendendo un mercado local con circuitos curtos de comercialización, ben sexa a través do pequeno comercio ou coa venda directa".

O beneficio dos mercados locais coma o de Verín é dobre, pois amais de ser unha boa saída para os produtos labregos, que non deixan a rendibilidade en mans de intermediarios; supón unha ganancia en calidade e saúde para quen consume eses alimentos. Neste senso,



Os labregos e labregas que acudiron ao mercado de Verín esgotaron todas as existencias

Senra comentou que "a xente perdeu moito na calidade da súa alimentación. Non é o mesmo un produto fresco que outro que soporta grandes circuitos de comercialización. Por exemplo, as hortalizas que hoxe se venden aquí colléronse esta mesma mañá ou onte á tardiña, polo que podemos

dicir que son alimentos que vén da terra para a mesa. Hoxe en día, estamos a sufrir unha auténtica perda da nosa cultura alimentaria, pois impóñense novas formas de alimentación que non sempre son as mellores".

En canto aos argumentos económicos, a Secretaria

Xeral do Sindicato Labrego denunciaba que "as grandes superficies introducen moitos produtos de fóra e arruinan o medio de vida dos nosos labregos e labregas, perdéndose moitos postos de traballos directos relacionados coa actividade agraria, e indirectos, que dependen desta última".

Necesidade dunha lexislación que apoie a elaboración e venda de produtos caseiros

A inauguración do mercado de Verín tamén tivo un oco para as mensaxes reivindicativas. Así, Lidia Senra fixo, ante os medios de comunicación presentes, un chamamento ás autoridades "para que promovan este tipo de mercados e os apoiem fortemente".

E un xeito de apoialos dende a Administración é modificar a actual lexislación, que é tremendamente restritiva con este tipo de venda directa. Senra denunciou que "dende que entramos no Mercado Común, hai unha aposta dos poderes públicos e das grandes

multinacionais por eliminar do mercado ás explotacións e aos produtos labregos. E iso traduciuse no desenvolvemento de moitas normativas que impiden que poidamos producir ou vender augardente; produtos derivados da matanza caseira; ou outro tipo de alimentos transformados, elaborados e envasados".

Para a Secretaria Xeral do SLG, "a lexislación actual esixenos fortes investimentos que non contribúen en nada nin á calidade nin á seguridade dos alimentos. Por iso, creo que necesitamos unha lexislación específica



Entre as autoridades estaban Lidia Senra, Xosé Manuel González Vilas; e o Director Xeral de Montes, Alberte Branco


para a pequena explotación que nos permita vender directamente os produtos caseiros en mercados locais ou no pequeno comercio".

Finalmente, Lidia Senra adiantou que o Sindicato Labrego vai apoiar e promover iniciativas deste tipo noutras comarcas galegas.

Fouce aproveitou unha das vantaxes dos mercados locais: a conversa directa con quen nos alimenta

De parola con labreg@s

Din que cada un fala da feira segundo lle vai. Pero para iso hai que falar, e falar é unha das cousas boas que se poden facer grazas á venda directa, e algo que se perdeu nesas grandes superficies comerciais deseñadas só para que deixemos nelas os nosos carotos. Nun mundo globalizado onde a tendencia é mercar por mercar sen mirar o que se merca, en Verín agora poderase falar cos labregos e as labregas que traballan para alimentarnos, un paso imprescindible para termos garantías do que comemos, e para pagar por iso un prezo xusto para tod@s.



Xosé Pedro Santana Salgado, Oimbra

“Os prezos son máis equilibrados, tanto para nós como para a xente que merca”

No posto de Xosé Pedro podíanse mercar xudías verdes e tomates collidos da horta había nada. Explicounos que un dos motivos fundamentais para venderlle directamente á xente é que "coa venda directa, os prezos son máis equilibrados, tanto para nós como para a xente que merca".

Respecto disto último, explicounos que "ao intermediario véndolle o quilo de tomates, hoxe, entre 80 e 90 céntimos; despois, no súper atopas eses mesmos tomates por máis do dobre. Hoxe véndoos a 1'20, polo que eu lles gano máis, e para a xente non é tan caro coma no comercio".

Para Xosé Pedro, "tamén é importante o contacto persoal con quen nos compra", e confía en que a iniciativa teña éxito.

En canto á situación do medio rural na bisbarra, Xosé Pedro xa non é tan optimista. Explica que "aquí, o 90% da xente do campo ten de setenta anos para arriba. De seguirmos así, dentro de dez anos o rural estará totalmente abandonado".

Aínda así, Xosé Pedro compartiu con nós a esperanza de que "esta experiencia sirva para animar á xente nova a involucrarse máis a fondo coas actividades agrarias".

Elixio Rivero Salvado, Albarellos

“As nosas hortalizas son frescas e van directamente da terra á mesa”

Elixio trouxo da súa explotación de Albarellos leitugas, cebolas, cogombros, xudías e repolos. Este labrego de Albarellos cre que non vende tanto como debera, e achácallo á crise xeneralizada que se vive na comarca, presa dun círculo vicioso: "Esta iniciativa iría mellor se aquí houberse traballo, pois con carotos a xente acudiría máis a mercar. Pero como non hai traballo, a xente marcha para fóra e o campo fica totalmente abandonado".

Os feitos non semellaban casar coas palabras ese día, pois mentres falabamos Elixio non paraba de vender, nin tampouco de darlle ao palique. Mentres

pesaba unhas xudías verdes na romana, queixábase de que "a actividade agraria non é moi rendíbel hoxe. Sementas a terra e despois non tes a quen venderlle as hortalizas, ou tes que dalas por unha codia de pan".

Pero baixo de tanta queixa, viuse o orgullo de traballar a terra cando nos dixo que "a xente está afeita a mercar nos supermercados, aínda que os produtos sexan peores cós nosos. As nosas hortalizas, aínda que non estean tan ben presentadas como nas grandes superficies comerciais, son frescas e van directamente da terra á cesta de quen as merca".



Charo Sánchez Parga, Laza

“Agardo que os labregos e labregas que non viñeron se integren no mercado”

O posto de Charo era un dos máis variados. Amais de hortalizas como remolacha de mesa, cabaciños, acelgas de tres cores, ou cebolas; tamén vendía plantas medicinais, ovos ou sofrito en conserva. Nas vindeiras semanas traerá xudías e tomates. Ela xa tiña experiencia neste da venda directa, pois participa con regularidade en feiras de produtos ecolóxicos e vende na propia explotación.

Para Charo, os primeiros meses desta iniciativa van ser de proba, e "se cadra, non vendemos todo. Agora, máis ben, trátase de afacer á xente para que saiba que estamos aquí os sábados e veñan mercar,

e tamén para coñecer mellor que produtos son os que teñen unha mellor demanda". Así e todo, Charo viu á clientela moi animada, o que lle deu confianza á hora de intuír que a experiencia poida resultar. Unha das cousas que lle gustaría, para que mellore o mercado, é que se vaian sumando máis labregos e labregas á iniciativa para vender e darlle vida a esta nova feira.

Agora as cartas están xogadas, comentounos Charo, e a quenda é de consumidores e consumidoras: "nós estaremos aquí na medida en que a xente nos apoie e merque os nosos produtos".

Editorial***Mercados locais e comercio xusto coa nosa xente:
un reto para a sociedade galega***

Que os produtos galegos gozan aínda dun prestixio de calidade, dentro e fóra da nosa nación, é unha afirmación que en xeral compartiríamos a maioría de persoas, produtoras ou consumidoras.

Que ese prestixio se basea no saber facer, no traballo, no emprego de técnicas e recursos de xeito sustentábel dos labregos e labregas galegas, tampouco xera grandes discusións.

Os beneficios e o aproveitamento por parte da poboación galega, a que quere vivir da produción deses alimentos dignamente e a que quere comer a diario alimentos variados, sans e nosos, é o que está cada día máis en tela de xuízo, sendo xa case unha heroicidade mercar ou producir no/para o comercio local.

¿Por qué?

Se nos damos conta do proceso, dende a entrada na Unión Europea, hai unha aposta dos poderes públicos e das grandes multinacionais por eliminar do mercado ás explotacións e aos produtos labregos, e non só dos mercados mundiais, tamén dos locais.

¿Cómo?

1. Desenvolvendo por unha banda, en aras da calidade curiosamente, normativas que impiden que poidamos producir e vender todo tipo de alimentos, deses que tanto prestixio seica nos dan, mesmo nos mercados galegos: augardente, viño, produtos derivados da matanza caseira, conservas, ovos, carnes, etcétera.
2. Apoando, con políticas activas, grandes superficies comerciais que introducen moitos produtos de fóra e arruínan o medio de vida dos nosos labregos e labregas, perdéndose os postos de traballo directos da actividade agraria, e os indirectos que dependen desta: no comercio, servizos, subministracións, escolas, etcétera.
3. Deixando esmorecer ou poñéndolle graves atrancos a todo o tecido comercial local: tendas, mercados, feiras, hostalería... Simplemente, aplicando o trazado nos dous puntos anteriores.



Diante de todo este panorama, ¿podemos facer algo aínda como labregos e labregas, como cidadáns, como administracións?

Desde o Sindicato Labrego Galego pensamos que aínda podemos facer e moito:

- Elaborando normativas propias, para o mercado interno, que permitan e impulsen a venda de produtos labregos/caseiros (frescos e transformados) identificados e con prezos xustos para produtores/as e consumidores/as.
- Promovendo a venda directa en mercados locais (creando prazas, feiras ou mercados ao aire libre), a venda no comercio local, na hostalería, nos colexios, hospitais....
- Impulsando e elaborando, coa cidadanía, a definición dos parámetros de calidade dos produtos labregos/caseiros.
- Elaborando normas hixiénico-sanitarias propias para as explotacións e eximíndoas do cumprimento das actuais nos mercados locais, feitas para as grandes empresas e para as cadeas de distribución multinacionais.
- Promovendo as relacións entre a cidadanía, os contratos e os compromisos en canto a modos de produción e de consumo.

■ Controlando e analizando, desde os servizos públicos sanitarios, os produtos nos puntos de venda.

■ Promovendo a recuperación de técnicas, variedades, razas e produtos locais para a súa integración na cadea de valor.

Estas medidas todas, como aposta, supoñerían:

- Desenvolvemento económico centrado nas nosas producións agrarias.
- Fixación e asentamento da poboación no rural, establecéndose xente moza se, ademais, se favorecen condicións de vida digna para as mulleres.
- Consumo de alimentos sans, seguros e accesíbeis para toda a cidadanía.
- Desenvolvemento doutras actividades complementarias que incidan no fomento do emprego no rural.

As preguntas que nos facemos, crendo que tamén outra Galiza é posíbel son:

¿Teremos a oportunidade de desenvolver o comercio xusto entre e para os galegos e galegas?

¿Seremos quen de ver na aposta polo comercio local unha estratexia no desenvolvemento da Galiza?

Pensamos que si, máis é todo un reto.

A Axencia Tributaria da Estrada manterá os servizos grazas á campaña do SLG

O sindicato conseguiu implicar na loita a boa parte dos colectivos empresariais e sociais da bisbarra

O ano pasado, o Sindicato Labrego comezaba unha intensa campaña de mobilización en toda Galiza diante da intención do Ministerio de Economía de desmantelar a oferta de servizos da

Axencia Tributaria nas comarcas. O interese do SLG nesta loita viña por ser o colectivo labrego un dos máis afectados. Agora, a Axencia Tributaria vén de anunciar que a súa oficina na

Estrada vai conservar os servizos que viña ofrecendo ata agora. Non en van, foi nas comarcas de Deza e Tabeirós onde esta loita tivo unha maior intensidade e implicación social.

O Sindicato Labrego da bisbarra Deza-Tabeirós e Terra de Montes realizou unha intensa campaña de asembleas, tanto a nivel interno como externo, e contactos con diversas asociacións de empresarios, veciñais, etcétera. A intención de todos estes contactos foi a de implicar a toda a sociedade nunha loita na que se xogaba moito.

En concreto, a intención de Facenda era deixar na oficina da Axencia Tributaria da Estrada só o servizo de facer declaracións da renda a persoas cunha única nómina. Ao resto, entre os que se incluían colectivos tan importantes para a bisbarra como agricultores, gandeiros, empresarios, comerciantes e autónomos en xeral, condenábanos a ter que realizar as súas xestións nas oficinas de Vilagarcía de Arousa ou Pontevedra.

Segundo explica o responsable do Sindicato Labrego na zona, Mariano



Os traballadores e traballadoras do SLG na Estrada desenvolveron unha campaña exemplar; na imaxe falta Mariano Lema, responsable sindical en Tabeirós, Deza e Terra de Montes

Lema, "grazas á campaña realizada polo Sindicato Labrego Galego, e a súa firmeza e contundencia á hora esixir, conseguíuse crear o ambiente necesario para desmascarar o intento por

parte da administración do PSOE de facer desaparecer, de facto, a oficina da Axencia Tributaria na Estrada".

Ademais, segundo informa Lema, "non só se vai conservar a oferta que había ata o

de agora, senón que, ademais, a Axencia Tributaria ten intención de aumentar os servizos, unha resposta que valoramos de xeito positivo dende o Sindicato Labrego Galego".

Traballo dende a base ata as altas esferas de Facenda

De xeito paralelo ás mobilizacións nas comarcas, o Sindicato Labrego mantivo contactos de alto nivel para tentar deter a redución de servizos da Axencia Tributaria. Neste contexto habería que encastrar o encontro que mantiveron o Secretario de Organización do SLG, Xoán Monasterio, e o responsable sindical de seguros, Constantino Pulpeiro; coa Delegada Especial da Administración Estatal da Axencia Tributaria en Galiza, María Teresa Pisano Avello. Foi o pasado 16 de decembro, e neste encontro os representantes sindicais transmitíronlle a Pisano a preocupación que existía en moitas comarcas do noso país diante deste problema.

O SLG pide unha redución do 90% nas taxas do IBI en Xermade

O Sindicato Labrego vén de presentar alegacións para diante do Concello lucense de Xermade para que reduza nun 90% o Imposto de Bens Inmóveis (IBI). Esta petición veu a raíz da nova valoración catastral dos solares, vivendas e outras construcións que se fixo neste municipio, o cal provocou que esta taxa se triplicase.

No seu escrito, o SLG cualificaba o incremento do IBI como "paradoxal e incongruente" debido a que "o meirande das edificacións non contan cos axeitados servizos de saneamento, beirarrúas ou alumeadado público; nin con calquera

outro tipo de servizo municipal".

Redución de taxas prevista pola lei

O argumento principal do SLG foi o artigo 74 da Lei de Facendas Locais, que establece a posibilidade de que os concellos regule a cota do IBI para compensar o deficiente grao de servizos e infraestruturas de determinados núcleos, e para protexer actividades do sector primario peculiares e tradicionais. Ademais, ese artigo 74 tamén contempla a posibilidade de modificar o IBI para corrixir o impacto de

novos valores catastrais.

En efecto, Xermade é un concello de carácter eminentemente rural, cunha estrutura económica baseada fundamentalmente no sector primario, e cun predominio de explotacións agrogandeiras familiares que desenvolven a súa actividade sen contar coas axeitadas infraestruturas municipais.

Ademais da falla de apoios municipais, e do mesmo xeito que no resto de Galiza, estas explotacións están a atravesar unha fonda crise económica na que os agricultores e gandeiros de Xermade sofren unha constante perda de beneficios na

súa actividade.

Por todo o devandito, o artigo 74 que esgrime o SLG nas súas alegacións é perfectamente aplicable no caso de Xermade, polo que a

responsábel local da organización nesta bisbarra, Margarida Prieto, agarda que o equipo do goberno local acepte a proposta do Sindicato Labrego.

**TÉCNICO ESPECIALISTA
EN VACÚN DE LEITE**

Curso de 150 horas, con contidos teóricos e prácticos en granxas
Custo da matrícula: 650 euros. Inclúe material e aloxamento en réxime de pensión completa
Duración: do 9 ó 20 de outubro de 2006
Organiza: C.A.P. A Coruña

PRAZAS LIMITADAS

ABERTA PREINSCRIPCIÓN

Información:

Tfno / fax: 981 633 159

Tfno móbil: 649 372 511

Enderezo electrónico: cursocapscl@terra.es



O SLG pide máis prevención a Medio Ambiente nos ataques da fauna salvaxe

O sindicato presentou alegacións ao Plan do Lobo e á orde para compensar os danos do xabaril

O Sindicato Labrego presentou, a comezos de xuño, dous documentos que expoñía unha serie de alegacións ao Plan de Xestión do Lobo e á orde para compensar os danos do xabaril sobre a agricultura, que nestes intreos está elaborando a Consellaría de Medio Ambiente. A maiores, o responsable dos sectores agrarios do SLG, Xosé Manuel González Vilas, acompañou á Asociación Cultural de Meiro (Bueu) nun encontro co delegado provincial da Consellaría de Medio Ambiente para denunciar os estragos dos xabarís nas leiras de millo corvo.

Nas alegacións presentadas ante Medio Ambiente ao Plan de Xestión do Lobo e á orde para compensar os danos do xabaril sobre a agricultura, o Sindicato Labrego coincidiu á hora de pedir que se dea prioridade á prevención de danos, apoiando a construción de valos e cría de mastíns no caso do lobo.

Outra das demandas do SLG no Plan de Xestión do Lobo foi que as organizacións agrarias deberían ter representación nos tribunais de cualificación dos danos, e poder solicitar batidas cando se entenda que existe unha situación de alto risco por ataques reiterados.

Polo demais, o Sindicato Labrego descubriu certas lagoas neste plan que deberían estar mellor definidas. Por exemplo, non se sabe se a Consellaría de Medio Ambiente vai diferenciar entre o gando semiestabulado e o ceibe; ou se haberá suficiente orzamento como para controlar a poboación de cans salvaxes. Neste último caso, de non haber cartos abondo para garantir ese control, o SLG solicitou que se creen indemnizacións para compensar os danos destes cánidos, agás en casos comprobados de negligencia. Polo demais, o Sindicato Labrego gabou a creación dun corpo de axentes especializados, e pediu que se lles encomende o labor social de formar e de manter un diálogo permanente cos gandeiros e gandeiras.

Antes de que se aprobe o Plan de Xestión do Lobo, o Sindicato Labrego solicitou que a Consellaría promova un debate entre todos os sectores e axentes implicados para que o plan definitivo suscite o máximo apoio e consenso.



As leiras de millo son un dos principais focos de estragos do xabaril en toda Galiza

En canto ao xabaril, a primeira alegación do SLG falaba da necesidade de definir quen debe cobrar esas axudas preferente-

mente, entendendo que a orde non pode excluír a ninguén no medio rural, pero si establecer prioridades en base ao límite orza-

mentario. Así, para o Sindicato Labrego, quen deben ter preferencia son os agricultores e agricultoras a título principal. Despois de-

les, virían agricultores e agricultoras a tempo parcial, segundo a súa renda agraria; autónomos do sector vitivinícola e, finalmente, outros como xubilados e xubiladas, ou xente que cultiva para autoconsumo.

Outra suxestión do SLG foi que se debería alargar o período de colleitas contemplado no borrador da orde ata o 30 de outubro; deste xeito, incluíríanse producións como a de castaña ou uva que, coa redacción actual, poderían ficar desamparadas.

Finalmente, respecto do cadro de valoracións de danos demandado pola Consellaría, o Sindicato Labrego propuxo 960 euros por hectárea, para forraxes de pradería; 1.100 euros por hectárea, para herbáceos extensivos; 1.500 euros por hectárea, para as leiras de millo; e 8.000 euros por hectárea, para cultivos de horta.

Reclaman protección no Morrazo para as últimas leiras de millo corvo

Un millo de grao escuro e de orixe antiga corre alto risco desaparecer do noso agro a pesares dos esforzos de labregos e labregas por manter esta variedade autóctona. A grande ameaza das plantacións de millo corvo no Morrazo, das poucas que aínda se conservan en Galiza, están a ser os continuos ataques do xabaril.

Así llo comunicou un grupo de labregos e labregas da Asociación Cultural de Meiro (Bueu) ao delegado pontevedrés da Consellaría de Medio Ambiente, Xoán Froxán, o pasado 20 de xuño. No encontro estivo tamén presente o responsable dos sectores agrarios do Sindicato Labrego, Xosé Manuel González Vilas, e nel discutíronse posibles medidas para protexer os cultivos de millo do Morrazo.

A comitiva explicoulle a Froxán que as veigas de millo vense asoladas

polos xabarís en agosto, cando o grao acada o estadio leitoso. Precisamente, nesta época, os cazadores do TECOR Societario de Bueu non fan batidas, pois agardan a que os porcos bravos estean ben cebados despois de comer millo durante todo o verán.

A Asociación Cultural de Meiro leva denunciando durante anos a desidia da Administración diante desta problemática, e síntese impotente para atallala. Os labregos e labregas da zona, amais de reclamar indemnizacións polos estragos causados polo xabaril nas leiras, tamén piden unha política preventiva que impida estes ataques que están minando a suficiencia alimentaria de moitas explotacións da comarca.

Polo demais, a Asociación Cultural de Meiro está moi interesada en conservar o cultivo do millo corvo

autóctono, que cumpre un importante papel en traballos de panificación e cebo de animais. A pesares da importancia desta variedade de cereal na bisbarra, as leiras dedicadas a millo corvo cada vez son menos, o cal fai que os ataques do xabaril lles estean a afectar moi seriamente cada vez que se producen. Tanto o SLG como a Asociación Cultural de Meiro, denunciaron ante o delegado que a situación se está a volver insostíbel, e esixíronlle que se cumpran os plans cinéticos dos Tecores con batidas en xullo; que se respecte a obrigatoriedade de levar a cabo medidas preventivas nos coutos de caza; e que se habiliten axudas para as explotacións labregas afectadas para que poidan protexer as leiras, e recibir indemnizacións xustas que cubran os danos sufridos.

Comeza o traballo para regular a venda e produción de alimentos artesáns galegos

O Sindicato Labrego mantivo un primeiro debate interno para definir as súas achegas á nova normativa

Aínda que, agora mesmo, non hai ningún borrador ou proposta da Administración para facer un regulamento da artesanía alimentaria e da elaboración de produtos caseiros en Galiza, o Sindicato Labrego xa comezou a

traballar no tema. Así, o pasado 21 de xuño, en Montouto (Ames), realizouse unha primeira xuntanza que supuxo o inicio dun proceso de debates para definir as liñas principais para rexer esta futura normativa.

Neste encontro, un dos primeiros puntos tratados foi a valoración da Lei de Calidade Alimentaria que está vixente neste intre, e que foi aprobada polo PP na pasada lexislatura. Trátase dunha lei moi restritiva que case non deixa posibilidade de facer producións caseiras para vender nos mercados locais de xeito legal. Isto é así porque a Lei de Calidade Alimentaria impón que todos os alimentos artesáns a obrigatoriedade de atermos á lexislación vixente. Por iso, un dos obxectivos do SLG é que a nova lei permita a venda de produtos caseiros con todas as garantías e toda a legalidade.

Inicialmente, a reunión serviu para acordar varias cuestións que se incluírán na proposta de regulamento do SLG. En primeiro lugar, para o Sindicato Labrego, as producións caseiras deben ir destinadas a



A normativa vixente na actualidade fai case imposíbel elaborar, transformar ou envasar alimentos caseiros tradicionais

mercados locais e de proximidade, e á venda directa, admitíndose como máximo un só intermediario.

Ademais, o novo regulamento debería servir para poder vender legalmente os produtos caseiros.

A maiores, o SLG tamén vai elaborar unha serie de limitacións que deberían servir para garantir que un determinado produto sexa caseiro, e para diferenciarlo doutros que non o son. Estamos a falar de limitacións en canto a volume de produción, número de empregados, modelos de produción das materias primas a partir das cales se elaboren os produtos artesanais, etcétera.

Outra demanda do Sindicato Labrego será que este tipo de producións estean perfectamente identificadas co nome, código e enderezo da explotación que a produza; pois outro tipo de datos identificadores non son necesarios nin garanten que un produto sexa caseiro. En calquera caso, si será importante que todos os produtos artesanais, sexan frescos ou transformados, vaian identificados.

A Consellaría de Traballo asina co SLG un convenio para reducir os sinistros no agro

O Sindicato Labrego Galego, xunto a outras organizacións agrarias do País, asinou coa Consellaría de Traballo un convenio dotado con 200.100 euros para levar a cabo unha campaña de información e de sensibilización sobre a prevención de riscos laborais, facendo especial fincapé naqueles que son propios dos sectores agrogandeiro e forestal.

A finalidade desta campaña será obter unha efectiva implantación da cultura preventiva neste ámbito, e así mellorar as condicións de traballo e reducir a sinistralidade no mesmo.

A importancia desta problemática vese ben se analizamos as cifras dos sectores agrogandeiro e forestal, que ocupa ao 12% dos traballadores e traballadoras de Galiza: O 70% dos accidentes graves e mortais que se producen no sector agrario suceden pola manipulación de maquinaria agrícola, e a causa do 90% deles é o volteo do vehículo, debido principalmente a que a maquinaria é moi antiga e non está adaptada á normativa. Outros riscos grandes veñen da exposición a pesticidas ou, no caso do sector leiteiro, das foxas de zorro.

O Secretario de Organización do Sindicato Labrego Galego, Xoán Monasterio, que foi o encargado de asinar este documento, salientou a importancia de iniciativas como esta de cara á sensibilización dos traballadores e traballadoras do agro galego, e lamentou que ata 2004 non se tivera feito nada neste ámbito.

Para verificar o grao desenvolvemento da iniciativa, e para solucionar as dúbidas e controversias que xurdan ao longo da mesma, constituirase unha comisión mixta de seguimento integrada por un máximo de seis membros que designarán cada unhas das partes asinantes.

O Sindicato Labrego xa editou en 2006 unha guía pioneira en Galiza destinada a divulgar a cultura preventiva na actividade agropcuaria.

Sen solucións en Medio Rural para os invernadoiros estragados polos temporais

Unha comitiva do Sindicato Labrego Galego reuniuse, o 21 de xuño, co director xeral de Produción, Industrias e Calidade Agroalimentaria, Antonio Oca, para tratar numerosos temas relacionados co sector horticola galego. O grupo de sindicalistas estivo integrado por Carme Freire, Antón Sánchez, Isabel Vilalba e Andrés Núñez.

Por falla de tempo, non puido falarse a cuestión da hixiene e sanidade nas explotacións.

Semellante sorte correu a posíbel articulación de medidas de apoio ás explotacións de horta coruñesas que sufriron os estragos dos temporais de marzo, tema para o que a Consellaría non deu aínda unha res-

posta, a pesares da dimensión e urxencia do problema.

Un dos temas tratados con máis fortuna foi o da necesidade de sensibilizar aos produtores e produtoras de horta dos riscos para a saúde que entraña a utilización de fitosanitarios, e de loitar contra o descoñecemento que, respecto deste tema, existe entre moita xente.

Nese senso, a Consellaría de Medio Rural comprometeuse a deseñar e levar a cabo unha importante campaña de sensibilización. Tamén se lle comunicou ao SLG que, a partir de setembro de 2007, será obrigatorio ter o carné de manipulador de produtos fitosanitarios para poder aplicar produtos químicos.



Oca acolleu de xeito positivo a proposta do SLG de facer unha campaña de sensibilización sobre fitosanitarios

Contratos e prezos centraron o debate da primeira Mesa da Pataca

O Sindicato Labrego rexeitou de plano a proposta dos almacenistas de pagar o quilo a 11 céntimos

A sede da IXP Pataca de Galiza, en Xinzo, foi o escenario onde se celebrou a primeira mesa negociadora para este sector o pasado 22 de xuño. Alí, a Xunta convocou a industrias, coopera-

tivas, almacenistas, produtores e sindicatos, para tentar chegar a acordos en temas tan importantes coma os prezos ou os contratos homologados. Por parte do SLG asistiron o responsábel

do sector, Anxo Pérez Rúa, e os produtores Casimiro Rodríguez e Xosé Luís Castro. Polo de agora, haberá que agardar a vindeiras xuntanzas para acadar puntos de consenso.

A primeira Mesa da Pataca estivo moderada polos representantes da Xunta, que foron o xefe de gabinete da Consellaría de Medio Rural, Xosé Manuel Puga; e o delegado provincial, Xosé Rodríguez Cid.

O encontro serviu para comezar a falar de contratos homologados e de prezos. No primeiro dos casos, houbo boa disposición por parte dos almacenistas, que non foron tan reticentes á idea de crear contratos como hai uns anos. Segundo explicou Anxo Pérez Rúa, "a razón disto é que xa levan uns anos tendo problemas coa podremia da pataca, e tendo contratos homologados estarían mellor cubertos eles tamén".

"Outro tema é como van ser eses contratos", engadiu o responsábel do sector pataqueiro no SLG. "Precisamente, un dos puntos conflitivos foi o período de responsabilidade a fixar para a pataca vendida. O caso é que o ano pasado houbo denuncias de almacenistas que, despois de ter as patacas almacenadas dous ou tres meses, tiveron problemas de podremia, e chamaron aos produtores para que viñesen retiralas.

Nestes casos, a Xustiza fallou a favor das explotacións, argumentando que, no momento que entran as patacas no almacén, pasan a ser responsabilidade do almacenista".

En canto aos prezos, as negociacións foron ben para a pataca de calidade, que só representa o 5% da produción total da Limia. O Sindicato Labrego pediu un prezo mínimo de 18 céntimos por quilo, mentres que os almacenistas ofreceron 15. Neste caso, o tira e afrouxa segue aberto con esperanzas de chegar a un acordo, segundo informou Anxo Pérez Rúa.



Mentres na Mesa da Pataca tentan chegar a un acordo, o sector prepárase para acometer a vindeira colleita

Posibilidades de acordo no prezo da pataca de calidade

Aínda que o representante do SLG tentou introducir o debate sobre o resto da produción, os almacenistas quixeron centrarse na pataca destinada a industria, na que xa hai contratos asinados que "supoñen un lastre para as negociacións".

En efecto, os contratos de pataca para a industria fixan prezos de 11 céntimos por quilo. Os almacenistas tentaron impoñer ese valor como prezo de partida, algo inadmisíbel para o SLG, pois eses contratos só cobren os custes de produción e asínanse para dar saída a unha parte da colleita e

asegurar uns ingresos mínimos, aínda a sabendas de que non é un prezo rendíbel.

Polo demais, para o responsábel sectorial do SLG "o encontro foi positivo pois, para este sector, sentarse a falar xa é un importante avance. Respecto da posibilidade dun acordo, hai moitas posibilidades de facelo no prezo da pataca de calidade, pero ao ser unha parte tan pequena da produción non soluciona os problemas de rendibilidade das explotacións. Dende logo, non aceptamos baixo ningún concepto un prezo de 11 céntimos para toda a pataca de industria".

Demandas do SLG para o sector da pataca

■ Regular as necesidades de produción de pataca na comarca da Limia, adaptándoa á demanda do sector transformador e comercializador.

■ Establecer contratos homologados plurianuais entre produtores e almacenistas.

■ Cubrir as necesidades dos consumidores de pataca en Galiza, esgotando primeiro as patacas que se produzan no País.

■ Eliminar as prácticas fraudulentas dos intermediarios que etiquetan patacas foráneas de baixa calidade como Pataca da Limia.

■ Investigar e controlar as marxes comerciais excesivas na distribución, establecendo sancións.

■ Reducir os custes de produción con mellores infraestruturas e regadío.

■ Reducir os custes de compra de pataca de semente, e evitar a foránea con problemas sanitarios.

■ Diversificar a produción con novos cultivos e canles de comercialización.


O SLG apioa á veciñanza de Barro para impedir o recheo do río Barosa

O Sindicato Labrego Galego deu o seu apoio á veciñanza de Barro que se concentrou, o pasado 14 de xuño, para impedir as obras de recheo do río Barosa. Esta obra, disfrazada como unha mellora do entorno para poder facer unha área recreativa e controlar as cheas fluviais, podería supor un duro pau para a zona, tanto dende o punto de vista económico, como social e ecolóxico.

Hai razóns de abondo para

que o proxecto non se leve adiante: aínda que o goberno en funcións da anterior Xunta aprobou o proxecto in extremis, e despois a nova Xunta decretou a pronta ocupación das terras, recentemente derrogáronse estes permisos; ademais, as cheas do río Barosa seguirán sen poder controlarse, polo que se pode dicir que se causarán grandes impactos negativos e ningún beneficio para a zona.

A maiores de todo isto, o Sindicato Labrego Galego tivo unha razón fundamental para oporse a este proxecto e apoiar á veciñanza nas súas mobilizacións: as obras no río Barosa suporán, de levarse a cabo, a desaparición de todas as terras agrarias da aldea de Maqueira. Nuns tempos nos que un dos principais problemas do noso agro é o acceso á terra, os habitantes de Maqueira verán roubado o



Aínda que xa se levantaron terras, a veciñanza impediu que as escavadoras entrasen a saco na ribeira do río Barosa

seu futuro ao ficar sen territorio onde poder desenvolver actividades agropecuarias, que seguen a ser o

principal motor económico do medio rural, e un factor fundamental para fixar poboación no campo.

O Ministerio de Agricultura dá un novo pau ás explotacións de leite galegas

O PSOE racha os seus compromisos coas organizacións agrarias e adopta a política leiteira do PP

O 13 de xuño, o Ministerio de Agricultura anunciaba un novo Plano de Reestruturación do Sector Lácteo en base a criterios de territorialidade. Consistirá en que o 80% da cota lei-

teira que se abandone no Estado ficará na comunidade autónoma na que xa estaba. Unha mala nova para Galiza, pois este criterio afianzará a inxustiza histórica de manter ao noso país moi

por debaixo da súa capacidade produtiva; e favorecerá ás grandes explotacións en detrimento daquelas de carácter familiar que son esenciais para manter un medio rural vivo.

Desta maneira, o PSOE rachou o compromiso que acadara co sector para a presente lexislatura e cedeu aos intereses das grandes granxas de tipo industrial, dando continuidade á política leiteira do Partido Popular.

Trátase dunha nova mostra do escaso talante da Ministra de Agricultura, Elena Espinosa, que a pesares de ser galega non o dubida á hora de dar as costas á súa terra de orixe, e mesmo aos seus compañeiros de partido no Goberno da Xunta, que xa amosaron o seu rexeitamento frontal ao novo plan, xunto coa Consellaría de Medio Rural.

Dada a gravidade da decisión tomada polo Ministerio de Agricultura, o Sindicato Labrego Galego convocou de maneira urxente unha rolda de prensa para denunciar as consecuencias que isto vai traer para Galiza. Na comparecencia ante os medios de comunicación, falamos a Secretaria Xeral do SLG, Lidia Senra; e o responsable dos sectores gandeiros, Xabier Gómez Santiso.

O primeiro que denunciou a Secretaria Xeral do SLG foi o incumprimento dos compromisos do Ministerio de Agricultura, que iniciou o ano pasado un plan de reestruturación baseado no reparto de cota preferente ás explotacións que máis a necesitasen e con vixencia durante a actual lexislatura.

Para Lidia Senra, "dar unha cantidade determinada de cota ás comunidades autónomas en función do seu territorio é unha volta atrás; isto xa o fixo o Partido Popular, cando gobernaba, ao repartir as 500.000 toneladas que se conseguiron na Axenda 2000 por comunidades,



Senra e Gómez Santiso denunciaron publicamente as intencións do novo plan leiteiro estatal

consolidando situacións moi desiguais. Por exemplo, daquela houbo unha explotación de Murcia que, tendo unha cota de sete millóns de quilos de leite, chegou a recibir 700.000 quilos máis de xeito gratuito,

unha cantidade que tería salvado da queima a moitas explotacións galegas que necesitaban moito máis eses dereitos para continuar".

Para o Sindicato Labrego é de vital importancia volver a criterios de reparto que dean

prioridade ás explotacións que teñen menos cota para facelas viábeis; e isto debería ir acompañado dunha política que garanta uns prezos mínimos que cubran os custes e os salarios das explotacións.

14 organizacións acordan reclamar 40 céntimos para o litro de leite

Catorce organizacións agrarias de once estados europeos reuníronse na cidade italiana de Verona do 23 ao 25 de xuño. O motivo do encontro foi traballar conxuntamente para acadar un prezo mínimo para o leite en Europa. O Sindicato Labrego Galego estivo representado pola súa Secretaria Xeral, Lidia Senra. Esta asemblea de sindicatos do agro celebrouse despois dunha reunión preparatoria que tivo lugar en Cardiff (Gales), en maio.

Un dos consensos acadados foi o de reclamar un valor de base para o leite de 40 céntimos por litro en todo o vello continente xa que, tal e como están os custes de produción, esta é a cantidade que pode permitir ter uns ingresos mínimos para poder vivir con dignidade como noutra profesión.

Outra das conclusións á que chegaron os sindicatos foi que, con independencia do país de que se trate, a situación do sector leiteiro en toda Europa é moi preocupante. Por iso, as organizacións mantiveron na súa axenda a apertura de procesos de negociación coas empresas en cada país, procesos que deberían desembocar en acordos nos que se estableza un prezo mínimo. En caso de que o diálogo non fose para adiante, manteranse os motores acesos para organizar, se fose necesaria, unha folga no sector leiteiro a escala europea.

Outra parte interesante do encontro foi a visita a experiencias en explotacións italianas que apostan pola transformación e comercialización directa do leite nas localidades onde están asentadas.

Agora deixan de ser prioritarias as explotacións que manteñen o medio rural vivo

O responsable dos sectores gandeiros, Xabier Gómez Santiso, incidiu na ruptura dos compromisos do Ministerio, e explicou que "Agricultura deu unha viraxe radical aos criterios de reparto da cota con respecto do ano pasado, pois agora deixarán de ser prioritarias as explotacións interesantes dende un punto de vista social, é dicir, as de tipo familiar, que teñen un volume reducido de produción pero que son esenciais á hora de vertebrar e manter vivo o medio rural. Pola contra, daráselle prioridade ás grandes explotacións que non precisan de máis cota para continuar coa súa actividade".

En canto á xustificación da territorialidade -o 80% da cota abandonada vai quedar na mesma autonomía-, Santiso explicou que "as comunidades que co plan do ano pasado perderon cota foi porque tiveron abandono, ningún foi roubarlle; e Galiza gañou cota porque moita xente puxo moitos cartos que non tiña para mercala, e porque é o país do Estado con máis explotacións, cun 50% do total. Daquela, o normal é que no reparto boa parte da cota veña para Galiza. Agora, ao ficar os dereitos liberados nos abandonos en comunidades como Cataluña ou Andalucía, irán a grandes explotacións de máis dun millón de quilos; e quen sobrevive cuns 100.000 quilos, ao non ser explotación prioritaria, terá que enfastiarse".

O SLG oponse frontalmente á mención "Viñedos de España"

A proposta lanzada pola Ministra de Agricultura, Elena Espinosa, de crear a mención "Viñedos de España", pon en serio perigo as nosas denominacións de orixe, xa que pretende crear unha protección para os viños de mesa que amparará baixo a mesma etiqueta caldos de grande disparidade producidos dende as Canarias ata Cataluña. Este proxecto vulnera a propia esencia dun viño da terra que ampare unha orixe xeográfica e tipicidade localizadas.

Para o SLG, tras desta desatinada idea de favorecer a exportación de viños de zonas excedentarias e practicar unha destilación crónica, hai un claro afán de aumentar a presenza de marcas brancas nas grandes superficies comerciais para crear viños doados de entender polos consumidores.

Ademais, o feito de permitir informar na etiqueta da caste e anada de viños de tan distinta procedencia e calidade botará por terra o traballo de tantos anos das denominacións de orixe galegas e do resto do Estado, que xa non terán razón de ser. De feito, baixo a denominación de "Viñedos de España" poderanse amparar viños coas nosas castes autóctonas Albariño, Mencía, Sousón, Treixadura, Espadeiro, Caiño, etcétera, cun mínimo control, de maneira que calquera operador comercial poderá colocar estes viños no mercado a baixo prezo sen garantir a súa autenticidade nin a calidade de elaboración.

Con estas regras do xogo, poderase elaborar Albariño en Albacete, Mencía en Badaxoz, ou Treixadura nas Baleares, e venderse como tales, pero disfrazando a súa auténtica orixe baixo a etiqueta "Viñedos de España".

Diante de semellante despropósito, o SLG anunciou a súa oposición frontal a este proxecto, que xa tivo o rexeitamento unánime da Mesa do Viño de Galiza; e denunciará onde faga falla a actitude tan pouco respectuosa da Ministra de cara ás nosas denominacións.

Valdeorras e Monterrei acadan un principio de acordo nas mesas do viño

O Ribeiro é a única denominación de orixe na que as adegas teiman en manter unha postura pechada

As denominacións de orixe do Ribeiro, Valdeorras e Monterrei celebraron cadansúa mesa do viño no mes de xuño con desiguais resultados. Mentres que as negociacións remataron nunha calella sen saída na primeira delas,

nas outras dúas foron por bo camiño. Así, no Ribeiro, o SLG analizará en asembleas se emprende novas mobilizacións; en Valdeorras e Monterrei, pola contra, hai principio de acordo para facer contratos e fixar prezos.

Semella que O Ribeiro está acadando todos os puntos para converterse, por méritos propios, na denominación de orixe vinícola máis conflitiva de Galiza. Polo menos, esa é a impresión que fica trala última Mesa do Viño celebrada nesta denominación de orixe o pasado 21 de xuño, que foi cualificada como "das peores que se recordan" polo responsable dos sectores agrarios do Sindicato Labrego, Xosé Manuel González Vilas.

Vilas explicou que as adegas mantiveron unha posición pechada "a pesares de poñeres sobre a mesa temas de grande importancia como os problemas estruturais, as dificultades de comercialización, ou a publicidade enganosa dos viños que se venden en hostalería; as adegas non quixeron tomarse en serio ningunha destas cuestións".

A maiores, "tamén rexeitaron desenvolver calquera plan con vistas ao futuro do Ribeiro, como a reconversión de castes orientada a mellorar a calidade dos viños para gañar aceptación no mercado. Nin que dicir ten que as adegas se negaron en redondo a falar de prezos, contratos homologados, ou calquera outra medida destinada a darlle estabilidade ao sector e a garantir unhas rendas dignas para a actividade vitícola".

Diante da posición pechada das adegas, que "están amosando unha teimosía que leva ao sector cara a unha calella sen saída", o Sindicato Labrego Galego decidiu realizar unha campaña de asembleas informativas nas que se debaterá a posibilidade de emprender novas mobilizacións, como a realizada no Carrefour de Ourense o pasado 27 de maio.



As mesas do viño van colleitando bos resultados, paseniño, agás nas xuntanzas celebradas na DO Ribeiro

Contratos homologados para a uva de calidade e oposición a "Viñedos de España"

En Valdeorras, comezaba o mes cun encontro co novo presidente do consello regulador, Xosé Luís García. Por parte do SLG asistiron á reunión Felisindo López Fernández, membro da Dirección Nacional e viticultor; Xoaquín Sánchez, colleiteiro e adegaireiro, amais de membro da Dirección do Viño; Mónica Vázquez, coordinadora do SLG na bisbarra; e Xosé Manuel González Vilas.

O encontro serviu para manter unha primeira toma de contacto entre o SLG e o novo presidente do Consello Regulador. Nel, destacou a coincidencia entrambas partes á hora de defender a necesidade de crear contratos homologados que regularicen e normalicen as relacións comerciais entre adegas e viticultores.

Polo demais, sindicato e consello faláron doutros temas que afectan a esta denominación de orixe, como regulamentos, pago de taxas, control de vendima, ou campañas de promoción e comercialización.

O 23 de xuño tería lugar a Mesa do Viño da DO. Aínda que nela houbo certa preocupación polos problemas que ten algunha adega para recoller a uva, comezouse a falar dun contrato homologado para Valdeorras en base á uva de calidade que demandan as adegas. Outro aspecto positivo foi que a maioría dos integrantes da Mesa amosaron a súa oposición ao proxecto de "Viñedos de España", promovido polo Ministerio de Agricultura e que, de levarse adiante, traerá graves prexuízos para esta zona vinícola.

Discriminación positiva da Xunta para a DO menos desenvolvida

En canto a Monterrei, o Sindicato Labrego comezaba xuño cunha mensaxe de advertencia ás adegas que mercan uva nesta DO: en caso de non asinar contratos homologados con viticultores e viticultoras, o SLG non apoiaría ningún tipo de axuda pública especial dirixida a elas.

A chamada de atención facíase diante da actitude de moitas adegas de Monterrei que se negaban a entrar no debate dos prezos na Mesa do Viño, e seguían a marea-lo peixe mentres noutras denominacións chegaban a principios de acordo.

Pero esa actitude había cambiar o 23 de xuño, nunha nova xuntanza da Mesa da que xurdirían acordos esperanzadores. En principio, chegouse á conclusión de que, en Monterrei, vai ser necesaria unha discriminación positiva da Administración con respecto a outros viños galegos, o cal se vai traducir nunha partida orzamentaria para levar a cabo un proxecto de mellora das canles de comercialización e promoción desta DO.

En canto á necesidade de negociar prezos e garantilos a través de contratos, tal e como reclamaba o Sindicato Labrego, as adegas estiveron de acordo; de feito, dúas empresas que xa traballaban con acordos contractuais facilitáronlle á Consellaría de Medio Rural os modelos para que os refunda e cree un documento común, de maneira que na vindeira xuntanza xa se poderá debater un borrador de contrato.

A CPE oponse a unha nova reforma da OCM do Viño na Unión Europea

González Vilas constatou en Bruxelas que a proposta da Comisión é nefasta para as DOs galegas

O responsábel dos sectores agrarios do SLG, Xosé Manuel González Vilas, estivo en Bruxelas o 26 e 27 de xuño reunido cos compañeiros e compañeiras das organizacións que integran a Coordinadora Labrega Europea (CPE). O motivo do encontro foi adoptar unha posición conxunta diante da proposta de reforma da Organización Común de Mercado (OCM) do Viño presentada pola Comisión Europea. Para Galiza, estes cambios resultarían nefastos ao potenciarse os viños de mesa foráneos en detrimento das nosas denominacións de orixe.

Vilas explicou que "moitas das propostas da Comisión, como a de arrincar 400.000 hectáreas de vides, non van con Galiza, posto que o noso país non é excendentario en viños. Pola contra, importamos moito viño de mesa e sufrimos os efectos da publicidade enganosa; por iso, en caso de saír adiante a proposta de reforma da OCM do Viño presentada pola Comisión, Galiza sufriría aínda máis a presión de viños de mesa foráneos, xa que se permitirían importar mostos e viños de fóra de Europa a prezos máis baixos cós de aquí.

Outro dos puntos da reforma, a promoción dos viños de estilo mundial (World Wines), atenta directamente contra as denominacións de orixe vinícolas e, especialmente, contra as pequenas adegas que predominan nalgunhas das nosas

DOs como Ribeira Sacra ou Monterrei. A simplificación do etiquetado proposta pola Comisión pretende asentar a idea dun consumidor ou consumidora idiotas que non son quen de evolucionar nos seus gustos e que son incapaces de apreciar a diversidade vinícola. Trátase dunha pretensión semellante á que xa se aplicou noutros sectores alimentarios onde se procura infantilizar os gustos da xente coa adición a sabores doces e texturas cremosas.

Para explicalo cun exemplo, un *Tempranillo* 2008 de Bodegas Martínez, Albacete (España), así a secas; non pode ser o mesmo ca un *Ribeira Sacra Summum Amandi* 2004 da adega de Xesús Veroa elaborado con uvas de Mencía e Albarello, por poñer un exemplo. É evidente que, con esta OCM, Galiza sería dos paí-



Vilas reuniuse en Bruxelas con representantes do sector vitivinícola das organizacións que integran a CPE

es vitícolas máis prexudicados, xa que non temos un sector de viño de mesa galego -algo que, por outra banda, tampouco é desexábel-, nin somos potencia en

exportación; precisamente, Galiza está collendo outro camiño, que é o dos viños de calidade media e alta.

A dimensión das nosas explotacións cadra perfecta-

mente nun contexto local con posibilidades de organizarse para vender algo fóra, mais nunca para tentar competir coa produción masiva de viños como se pretende cos World Wines ou Brands ao estilo de Domech-Allied ou Mondavi; ou como pretende o Ministerio de Agricultura coa marca "Viñedos de España".

Respecto disto último, semella que con "Viñedos de España" o Ministerio de Agricultura vai na mesma onda que a Comisión Europea, apostando fortemente por crear viños de mesa nos que figure a variedade e a anada, e sen importar para nada a zona xeográfica de onde proceden. Isto demostra a cativa sensibilidade que ten a Ministra Espinosa cara ás denominacións de orixe do seu país.

Mulleres

A Secretaría das Mulleres do Sindicato Labrego Galego recolleu nas alegacións á Lei Galega para a Prevención e Tratamento Integral da Violencia de Xénero varias iniciativas específicas para labregas. Fíxoo despois de que Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar lle remitira, en xuño, o anteproxecto desta lei que ten por obxecto a "adopción de medidas integrais para a sensibilización, prevención e tratamento da violencia contra as mulleres, así como a protección e apoio ás mulleres que a sofren".

Trátase, a xuízo da Secretaría das Mulleres, dunha agardada e necesaria lexislación que abrangue, entre outros aspectos, a elaboración de estudos sobre a

O SLG presenta alegacións á Lei Galega de Violencia de Xénero

violencia que afecta ás mulleres; a sensibilización a través de campañas; ou a elaboración de programas formativos destinados aos profesionais sanitarios, educativos, universidades, escolas de práctica xurídica, forzas e corpos de seguridade, servizos sociais, Instituto de Medicina Legal de Galiza, etcétera.

Nas alegacións, a Secretaría das Mulleres tivo en conta algúns informes realizados a teor do primeiro aniversario da publicación da Lei Orgánica de Medidas de Protección Integral contra la Violencia de Género. Un dos aspectos máis destaca-

dos destes estudos é a falta de equidade territorial no reparto dos recursos. Por exemplo, dos 19 xulgados de violencia sobre a muller creados no Estado español, en Galiza non se puxo en funcionamento ningún.

Neste sentido, algunhas das alegacións do SLG trataron sobre a necesidade de ter en conta criterios como a dispersión xeográfica, ou as dificultades para desprazarse das mulleres do rural á hora de poderen acceder aos servizos. Esta é unha circunstancia que debe contemplarse á hora de deseñar calquera campaña informativa, e mesmo constitúe unha

problemática específica das mulleres do rural que deberían ter prioridade, do mesmo xeito que outros colectivos con dificultades, á hora de acceder a vivendas de promoción pública, residencias públicas, e outros recursos.

A Secretaría das Mulleres propuxo, asemade, algunhas medidas laborais específicas como que o Banco de Terras lle dea prioridade aos expedientes de labregas que, por mor da violencia, tiveron que abandonar casa e leiras. Apuntouse, ademais, a necesidade de que a Administración Galega potencie a implantación dun sistema

para rexistrar as cotitulares das explotacións agrarias, de xeito que, nun proceso de separación por malos tratos ou por outros motivos, as mulleres teñan garantidos os seus dereitos económicos.

Dende a Secretaría das Mulleres do Sindicato Labrego agárdase que esta lei se complementa coa partida orzamentaria apropiada. É fundamental que ningunha muller teña que sufrir malos tratos por non poder acceder a uns recursos suficientes. Deberíanse garantir unhas rendas dignas e non limitarse a seis rixidas mensualidades de 383'28 euros, como está fixado na actualidade. Haberá quen lle chegue ese tempo para asentar un futuro laboral, pero tamén haberá quen precise máis.



Sabes como sabe?
Suprema,
de Ternera Gallega



Disfruta **T** Suprema

O SLG comeza unha campaña para facer de Galiza un país ceibe de OXMs

Asesorarase e animarase ás explotacións labregas para que se declaren limpas de transxénicos

O Estado Español é o maior produtor de transxénicos da Unión Europea grazas ás políticas cómplices do PP e do PSOE coas industrias da manipulación xenética. A pesares disto, e da

persecución e acoso da Comisión Europea, na Unión hai unha trintena de países e rexións que non pasan polo aro e que se declaran "ceibes de transxénicos". Asturias e Euskadi son dous

deles. Agora, o Sindicato Labrego emprende en Galiza unha campaña, explotación por explotación, para que o noso país estea tamén limpo desta perigosa tecnoloxía alimentaria.

O mercado galego está inzado de sementes de variedades manipuladas xeneticamente e pensos cuxos ingredientes principais son a soia ou o millo transxénicos. E iso a pesares de que a maioría da poboación europea demostra continuamente que non quere organismos xeneticamente modificados (OXMs) nos seus alimentos, e de que moitas empresas agroalimentarias esixen ás explotacións labregas garantías de que non utilizan sementes transxénicas antes de mercar as colleitas.

Coa intención de obrigar á Comisión Europea a admitir o dereito legal de declarar un territorio libre de transxénicos -municipio, comarca, comunidade ou país-, e para demostrar que o noso sector agrario e a xente rexeitan os transxénicos, estanse a declarar libres de OXMs diferentes concellos e rexións en Europa e no Estado Español, amais de explotacións agropecuarias individuais.



Unha trintena de rexións e países europeos xa se declararon ceibes de transxénicos. Na imaxe, unha zona limpa de Irlanda

Para o SLG é moi importante demostrar que a tecnoloxía da manipulación xenética non lle interesa ás explotacións labregas -tanto dende un punto de vista económico, como medioambiental- e que as nosas institucións teñen a obriga

de protexernos dos impactos negativos que teñen.

Despois de levar varios anos traballando nesta loita, agora o SLG comezará a facilitarlle ás explotacións o impreso necesario para declararse ceibas de transxénicos.

O millo e a alimentación animal serán os eidos máis problemáticos da iniciativa

Poderán facer esta declaración titulares de explotacións -propietari@s ou arrendatari@s- dos sectores vitivinícolas, froiteiros, hortícolas e extensivos.

■ **Millo:** No noso país hai moitas variedades transxénicas autorizadas á venda. Neste caso, só poderán asinar quen garanta que non usa millo manipulado. Para iso, deberán pedir especificamente semente non transxénica ao mercala, ou usar semente de variedades tradicionais. Neste proceso será importante coñecer as cooperativas de subministro e almacéns de sementes que non traballan con transxénicos en Galiza.

■ **Gandería:** Dos sectores gandeiros, só poderán asinar as explotacións que estean en réxime de gandería ecolóxica e as extensivas, é dicir, aquelas que non inclúen soia nin glute de millo

na alimentación das reses; ou quen, empregando eses ingredientes, os merquen coa certificación de non transxénico.

Hoxe, o sector gandeiro ten serios problemas para conseguir pensos libres de OXMs. O SLG está traballando para solucionar este problema e responder así á grande demanda de produtos gandeiros libres de transxénicos. Aínda así, hai moitas explotacións gandeiras que teñen tamén horta e froita limpas de OXMs ás que se animará para que inclúan esa parte da produción no rexistro.

■ **Forestal:** O sector forestal está todo libre de transxénicos, polo que poden incorporarse plantacións de calquera tipo no rexistro, amais das comunidades de montes.

Para formar parte do rexistro de explotacións libres de transxénicos necesítase a sinatura d@ titular. A sinatura non terá valor legal, pero dará seriedade á iniciativa e indicará o compromiso de quen asine de non utilizar organismos manipulados no futuro. Cómpre aclarar que a persoa titular non asumirá responsabilidades; coa súa sinatura só indicará o carácter libre de transxénicos da súa explotación.

Calquera explotación interesada en entrar no rexistro só terá que cubrir a ficha desta páxina, ou amosar a súa vontade de declararse libre de transxénicos en calquera local do SLG. Para máis información, poden falar coa responsábel do sector agroecolóxico, Charo Sánchez Parga, no 669 651 700.

DECLARACIÓN DE EXPLOTACIÓN LIBRE DE TRANSXÉNICOS

Data de rexistro:

Numero de rexistro:

Nome da explotación:

Nome persoa titular:

Enderezo postal completo:

Telefono:

Enderezo electrónico:

Produción:

Extensión:

Foto da explotación (opcional)

Compromiso

A persoa que asina, declara que na unidade territorial especificada nesta ficha, non se usan sementes, pensos ou calquera outro elemento xeneticamente modificado, e que quere seguir manténdoa libre de organismos xeneticamente modificados ou transxénicos no futuro.

Sinatura da persoa titular

(Recortar e entregar na oficina sindical do SLG da súa comarca)



Axudas para agrupacións de produtores/as agrari@s

Publicouse no Diario Oficial de Galiza a orde que regula as axudas para as agrupacións de produtores/as agrari@s recoñecidas en

Galiza. Esta orde modifica á do ano pasado e fixa o prazo de presentación das solicitudes para este ano 2006 no **24 de xullo**.

Amplían o prazo para solicitar as axudas de renove de tractores

Dada a necesidade de fomentar a introdución na agricultura de novos tractores fiables, seguros, que garantan unha mellora nas condicións de traballo dos agricultores, con alta tecnoloxía para atender os requirimentos da agricultura moderna, é dicir, máis eficientes enerxeticamente e que permitan unha redución das emisións

contaminantes, cómpre ampliar o prazo de presentación de solicitudes para continuar subvencionando o achataemento de tractores antigos sempre que vaia acompañado da compra dun tractor novo.

As solicitudes de axuda poderanse solicitar ata o **18 de xullo de 2006**, inclusive.

Habilitación do carné de aplicador e manipulador de fitosanitarios

Esta orde senta as bases para habilitar os carnés de manipulador de produtos fitosanitarios de nivel básico, expedidos en Galiza, para a utilización de produtos que non sexan ou xeren gases clasificados como tóxicos ou moi tóxicos.

Os titulares dos carnés menciona-

dos no punto anterior que estean interesados en obter a devandita habilitación, deberán ter superadas as probas de aptitude dos cursos homologados, en convocatorias anteriores á do ano 2006.

O prazo de solicitudes estará aberto ata o **19 de decembro**.

Incentivos para promover a afiliación á Seguridade Social d@s cotitulares das explotacións

O obxecto desta orde é establecer as bases reguladoras, e a súa convocatoria para o ano 2006, do programa de incentivos para promover a afiliación á Seguridade Social das persoas cotitulares de explotacións agrarias de Galicia, coa finalidade do promover a creación do emprego e a mellora laboral no agro galego, facilitando mediante incentivos a súa alta na Seguridade Social.

Poderán ser beneficiarias do programa regulado nesta orde as persoas cotitulares de explotacións agrarias, incorporadas ao réxime especial agrario da Seguridade Social, sempre que cumpran os seguintes requisitos:

a) Que a súa incorporación se produza a partir do 1 de xaneiro de 2006.

b) Que o seu ou a súa cónxuxe, cotitular da mesma explotación agraria, estea de alta no mesmo

réxime especial.

c) Ter corenta ou menos anos de idade.

d) Terse acollido á redución do 30 por cento das cotas á Seguridade Social.

Esta axuda consistirá no aboamento do 20 por 100 da cota por continxencias comúns de cobertura obrigatoria que corresponda ingresar, calculada en función da base de cotización que corresponda e o tipo de cotización do 18,75 por cento.

Procederá este aboamento polas mensualidades do ano 2006, contadas a partir do 1 de abril, agás no suposto de altas ao réxime especial agrario da Seguridade Social realizadas no ano 2006 con posterioridade a esta data, nese caso o aboamento computarase desde a data de efectos da obriga de cotizar.

O prazo de presentación de solicitudes rematará o **30 de setembro de 2006**.

Axudas para rematar o exterior de vivendas unifamiliares rurais

Esta orde abre a convocatoria, no exercicio económico de 2006, nun procedemento de concorrència non competitiva, para as subvencións destinadas ás persoas físicas promotoras de vivendas unifamiliares rurais, con baixos ingresos, para que poidan rematar os exteriores das súas casas, quedando protexidas da humidade e o clima en condicións de salubridade e seguridade, adecuadas ao medio e á paisaxe e respectuosas coa tipoloxía tradicional da zona.

As características estéticas e construtivas e os materiais, cores e acabamentos serán acordes coa paisaxe rural e coas construcións tradicionais do asentamento. En tal sentido, para o acabado das edificacións, empregarase a pedra ou os materiais tradicionais e propios da zona. En casos xustificadas pola calidade arquitectónica da edificación, poderán empregarse outros materiais que harmonicen cos valores naturais, a paisaxe rural e as edificacións tradicionais da contorna.

A tipoloxía das construcións deberá ser congruente coas características da contorna e os materiais empregados para a renovación e acabado de fachadas e cubertas

das edificacións, e os cerramentos de parcelas, deberán harmonizar coa paisaxe na que se vaian levar a cabo.

As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente rematados, con emprego neles das formas e os materiais que menor impacto produzan así como das cores tradicionais na zona ou, en todo caso, as que favorezan en mellor medida a integración na contorna inmediato e na paisaxe.

Quedan excluídos e prohibidos, e poden ser razón de perda da subvención, o uso de materiais inadecuados como bloques de formigón visto, e uralita-fibrocemento de calquera tipo vistos, e argamasas monocapas.

Poderán solicitar as subvencións as persoas físicas que, sendo promotores de vivendas unifamiliares rurais, obteñan uns ingresos familiares ponderados que non excedan 2,5 veces o indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM) do correspondente exercicio do imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF).

O prazo para efectuar a solicitude para esta liña de axudas rematará o **31 de agosto de 2006**.

Axudas para adquirir animais nos certames de gando de raza pura que se celebren en Galiza

O obxecto desta orde é establecer as bases reguladoras das axudas encamiñadas a estimular a participación e adquisición de exemplares de gando de raza pura nos distintos certames de carácter nacional e internacional que terán lugar durante o ano 2006 na Comunidade Autónoma de Galicia.

Os titulares de explotacións gan-

deiras, cooperativas agrarias e sociedades agrarias de transformación, criadores de razas puras, que leven animais para participar nos certames, poderán solicitar as axudas establecidas pola participación no prazo dun mes a partir da finalización deste. As axudas por adquisición de reprodutores deberán solicitarse no mesmo prazo.

Indemnizacións por sacrificio obrigatorio de gando para 2006

O obxecto desta orde é o establecemento das contías das indemnizacións a que teñen dereito os titulares de animais e /ou produtos sacrificados e /ou destruídos por motivo de erradicación de enfermidades animais (tuberculose bovina e brucelose no gando vacún, ovino e cabrún; e naqueles animais que tivesen convivido con animais enfermos e que sexan considerados

sospeitosos polos veterinarios actuantes; e encefalopatías esponxiformes transmisibles).

Para poder ter dereito ás indemnizacións desta orde é imprescindible o cumprimento estrito da normativa sobre sanidade animal, programas de erradicación de enfermidades animais e vixilancia epidemiolóxica das encefalopatías esponxiformes transmisibles.

Compra - Venda - Troco

VENDAS

Véndese

-Soldadura trifásica SAETA.
-Tronzadora de ferro trifásica CUTING
-Compresor PUSKA de 80 litros.
-Forxa e zafra.
-Esmeril trifásico LIGUR.
-Limadora trifásica RILE.
Chamar ao 982 401 814

Véndese

Renault 4, coa ITV acabada de pasar, a bo prezo.
Chamar ao 982 167 450

Véndese

-Batedor de zurro, 4 lamias (coas cubertas de coche) marca MOMO, e 4 rodas novas de lamia 15.
-Viño de colleita propia, da zona de Paradela.
Preguntar por Ovidio no teléfono 610 258 060

Véndese

Lavadora para circuíto de muxido.
Chamar ao 629 308 667

Véndese

2 poldras, 1 besta, e un cabalo castrado de traballo.
Preguntar por Antonio no teléfono 982 187 272

Véndese

Autocargador seminovo, todo galvanizado.
Chamar ao 981 788 221

Véndese

Autocargador marca JB. Anchura máxima 18 metros. Capacidade de 18 m3. Na Limia (Ourense). Prezo: 1.500 euros.
Chamar ao 676 388 985

Véndese

Tanque de leite de 200 litros, marca ALFA LAVAL.
Chamar ao 986 578 364

Véndese

Colleitora de cereal marca DEUTZ FAHR 4065. Corte de 5-5'5 metros. Prezo: 39.065 euros (6.500.000 pesetas). Na bisbarra da Limia (Ourense).
Chamar ao 666 804 306

Véndese

Porcos de raza Celta, na zona de Betanzos.
Chamar ao 629 140 085

Véndese

-Arrincadora de patacas.
-Desensiladora de pinza.
-Empacadora
-Remexedor de xurro.
Chamar ao 676 773 374

Véndese

-Rotativa con acondicionador POTTINGER.
-Carro mesturador.
-Tractor FIAT 8894 DT.
Chamar ao 630 883 662

Véndese

Dous comedeiros móbiles de 14 unidades cada un, e base reforzada.
Chamar ao 699 063 642

Véndese

Tanque de frío ALFA LAVAL, en perfecto estado.
Chamar ao 981 796 590

Véndese

Invernadoiro completo de 1.480 m2, fabricado por Invernadoiros Trigo no ano 2001.
Preguntar por Pepe no teléfono 655 969 680

Véndese

-Trigo do país, calidade extra.
-Herba seca picada de segundo corte en rolos.
Chamar ao 653 781 267

Véndese

Cabritos na Pastoriza (Lugo).
Chamar aos números de teléfono 982 249 014 e 626 592 286

Véndese

-Tractor RENAULT 110-54, en bo estado.
-Moto Trial de 350 cc, edición Jordi Tarrés.
Preguntar por Carlos ou Xosé Manuel no 686 118 173

Véndese

Volkswagen Vento, en bo estado, do ano 1992. 168.000 Qms. Gasolina. ITV pasada.
Chamar ao 981 797 225

Véndese

Máquina picadora de millo de un rego, marca CLAAS. Con tres campañas.
Chamar ao 981 196 769

Véndese

Tuias para peches de fincas. Tamaño entre 80 e 120 centímetros. Prezo segundo pedido.
Preguntar por Moncho no teléfono 619 963 003

Véndese

Circuíto de muxir WESTFALIA, de 6 puntos e con lavadora automática. En Cartelle (Ourense).
Preguntar por Pepe no teléfono 988 491 441.

Véndese

Sala de muxido de 4 puntos.
Preguntar por Francisco no 982 160 657 ou no 647 172 807

Véndese

-Tractor LAMBORGINI 1306.
-Tractor JONH DEERE 3650.
-Picadora NEW HOLLAND 2305 CP
-Tanque WESTFALIA de 1.700 litros.
Chamar ao 696 718 076

Véndese

Aparello de aire acondicionado FRÍO.RIAS, de 2.000 frigorías.
Chamar ao 982 242 464.

Véndese

-3 xovencas frisonas de leite, preñadas.
-Autocargador-segador JUS-CAFRESA J-15.
Chamar ao 981 490 206.

Véndese

Carro mesturador TATOMA Bravo, 10 m3, horizontal, con cazo de carga. Seminovo, con poucas horas de traballo. Prezo a negociar.
Chamar ao 981 699 224

Véndese

Autocargador CALAGRI.
Preguntar por Francisco no 647 172 807.

Véndese

Autocargador BEVILACQUA, en perfecto estado.
Chamar ao 982 349 163.

Véndese

-Rotativo de 15.
-Fresadora de 1'90.
Chamar ao 982 164 333 ou ao móbil 608 088 249.

Véndese

Dous tanques de leite, xuntos ou por separado. Un de 450 litros e outro de 300 litros.
Chamar ao 981 483 144.

Véndese

Empacadora marca GALLIGNANA, de tres anos.
Chamar ao 675 412 618

Véndese

Cisterna de 6.000 litros seminova.
Chamar ao 981 789 547

Véndese

-2 touros de raza Cachena.
-3 ponis.
Chamar ao 679 890 628.

Véndese

Conxelador ZANUSSI, de 500 litros. Un ano de uso.
Chamar ao 609 733 289

COMPRAS

Mércase

Tractor articulado de 30 a 60 CV
Preguntar por Francisco no 647 172 807.

Mércase

Máquina de calibre pequena.
Chamar ao 630 640 136

Mércase

Sistema de limpeza por cable para cortes.
Chamar ao 982 164 045

Mércase

Desensiladora, en bo estado.
Chamar ao 609 733 289

OUTROS

Búscase

Comunal en arrendamento para explotación de cabrún no sur de Galiza.
Preguntar por Manuel Pérez no 650 877 068

Para poder anunciarse nesta sección cómpre estar afiliado@ no SLG e comunicar o anuncio a través da súa oficina sindical máis achegada. Os anuncios publicanse durante tres números consecutivos, ao cabo dos cales quitaranse. En caso de que @ anunciante quixera seguir mantendo o seu anuncio, ou para realizar calquera modificación do mesmo, debe poñerse en contacto de novo coa súa oficina sindical para facelo.

Amplían o período de máximo risco de incendio en Galiza

Co obxecto de reducir o perigo de incendios durante no verán, e atendendo ás estatísticas de incendios forestais e á súa distribución territorial e temporal é preciso anticipar a época de máximo perigo de incendio prevista na normativa citada, que se estenderá desde o 15 de xuño ata o 15 de outubro.

¡Afílitate ao SLG!



Rúa de Touro nº 21º, 2º
Santiago de Compostela

Sector:

☐ Leite ☐ Carne ☐ Queixo ☐ Horta ☐ Flor ☐ Forestal ☐ Ovino ☐ Coellos ☐ Viño

Nome e apelidos:.....

NIF:

Enderezo:.....

Tif:.....

Concello:.....

C.P.:.....

Domiciliación de pagos de cotas

Sr. Director do banco ou caixa: Prégolle que tome nota, ata novo aviso, de adeudar na miña conta con esa entidade os recibos que ao meu nome serán presentados para o cobro polo Sindicato Labrego Galego.

Banco / Caixa de Aforros:..... Conta / Libreta:.....

Títular da conta ou libreta:.....

Nº de sucursal:..... Poboación:..... Provincia:.....

Atentamente (sinatura)

Data



Benigno Barral Güimil, viticultor e membro da Dirección Nacional do SLG

A Benigno collémolo nunha das época de máis traballo en viticultura. Aínda que canso dunha xornada de traballo que aínda non rematara, puidemos botar unha parola con el e poñernos ao día de como andan as cousas pola denominación de orixe Rías Baixas. Cunha hectárea de Albariño no municipio de Meis, Benigno foi un dos socios fundadores da Adega Martín Códax, coa que leva traballando dúas décadas, e é un bo coñecedor do sector, polo que debullamos temas tan dispares como a historia do Consello Regulador ou o disparatado proxecto "Viñedos de España".

“O acordo na DO Rías Baixas era moi agardado por todos os axentes do sector”

■ Como ve o principio de acordo que xurdiu da última Mesa do Viño en Rías Baixas?

Eu creo que este acordo era algo moi agardado polo sector. Debería terse producido hai ben anos, vendo a grande desorde que existía nas relacións entre os axentes vitivinícolas de Rías Baixas, coa patronal por unha banda e as organizacións sindicais por outra.

Estabamos a medrar moito, pero non había conciencia de que todos íamos no mesmo barco. Agora, a Consellaría de Medio Rural tivo un grande acerto en convocar a todo o sector. Así é como debemos funcionar.

Dende logo, aquí tiñamos unha materia pendente, que era acadar uns prezos mínimos a partir dos cales calquera titular de explotación puidese defender ben o seu posto de traballo; e iso solucionámolo. Polo que eu teño falado coa xente do mundo empresarial, tamén era este un cambio moi agardado. Dende as empresas non se vía ben que unha adega mercase a uva a un prezo e outra o outro distinto, pois iso sempre remataba por crear desvantaxes para alguén no mercado.

■ O prezo pactado supón moita mellora con respecto aos que pagaron a uva ata o de agora?

Os prezos que se lles pagaba a particulares que non estaban integrados en cooperativas non eran nada razoábeis. Agora, co novo valor de base, e se garanten a recollida de toda a uva, mellorárase moito. Cómpre ter en conta que na última vendima foi todo un auténtico caos. De feito, Martín Códax, cooperativa da que son socio, comprometeuse, xunto a outras adegas, a recoller toda a uva que ficou parada; de non ser por iso, tería quedado moita nas viñas, o cal tería suposto unha grande perda económica, tanto para o sector como para a comarca.



Benigno Barral foi un dos socios fundadores das Adegas Martín Códax, na DO Rías Baixas

■ Unha vez acadado ese prezo mínimo, ¿cales pensa que deben ser as seguintes reivindicacións polas que loitar na mesa?

Eu penso que, agora mes-

mo, o máis importante é que se cumpra todo o que se acordou e, a ser posíbel, que se manteña esa estabilidade durante os vindeiros tres ou cinco anos, revisando os

contratos segundo as variacións do índice de prezos de consumo (IPC). Agora mesmo, creo que é mellor sentar os pés na terra e traballar co que temos.

“O Consello Regulador tivo un grande erro ao meterse en política”

■ En Rías Baixas, ata o de agora, cada vez se vendía máis, e o valor da uva ía a menos. Quen quedaba cos beneficios?

Este é o grande cabalo de batalla do sector. Rías Baixas medrou moito, e en pouco tempo. Iso tivo que ir acompañado dunha estrutura comercial moi forte. Nesta situación de bonanza, houbo empresas e viñedos que se montaron dun día para outro pensando que ían facer o negocio do século. Non se decataban que o grande problema que temos non é producir: o reto co que temos que loitar é vender, e para vender hai que ter unha grande rede comercial, técnicos de márketing, e traballar moito o mercado.

Dende logo, non se pode montar unha adega, calquera que sexa a súa denominación de orixe, pensando que se vai vender o viño na porta da casa. Nesta conxuntura, boa parte das marxes de beneficios quédanse no sector comercial: promoción, exposición, venda, feiras, relacións públicas, etcétera. Non é o mesmo chegar a Estados Unidos con tres mi-

llóns de litros de viño que con 500.000 botellas.

■ En canto ao Consello Regulador, ¿que opina do labor que desenvolve?

Para min, o Consello Regulador de Rías Baixas tivo dúas etapas ben diferenciadas dende que comezou a funcionar. A primeira, nos inicios, foi unha etapa moi ben levada, na que se traballou moito e se deu unha moi boa imaxe de cara ao exterior. A segunda etapa, protagonizada pola súa presidenta, Marisol Bueno, caracterizouse por un meterse de cheo en política da man do Partido Popular e de Xóvenes Agricultores. Creo que este último foi o grande erro do Consello Regulador e da súa presidenta. Nesta etapa realizáronse accións inxustificábeis, como ampliar a denominación de Rías Baixas cara a zona interior do Ulla, que nada ten que ver xeograficamente con esta DO, e en contra do consello dos técnicos. Foi unha decisión política que danou a nosa imaxe. Agora mesmo, creo que Rías Baixas está nunha etapa de transición.

“Administración, sindicatos e adegas deben unirse en contra de Viñedos de España”

■ Que opina da iniciativa “Viñedos de España” impulsada polo Ministerio de Agricultura?

Viñedos de España é un proxecto que debemos rexeitar frontalmente, e con medidas radicais se é preciso. Unha das consecuencias máis graves que pode producir isto vai ser unha globalización dos viños que non ten sentido, pois ningún viño de España pode representar a Galiza.

A cultura vitivinícola galega afástase da distribución norte sur para acadar unha personalidade propia como país do oeste, do Atlántico. Dende este punto de vista, os nosos viños son moi defendíbeis e teñen unhas características propias que os singularizan; como país produtor, gozamos duns microclimas e uns relevos que nos dan unha grande riqueza e variedade.

Para nós, o máis importante é vender todo isto que nos dá unha personalidade propia. Debemos fuxir de historias disparatadas coma “Viñedos de España”, que non é outra cousa máis ca un síntoma da globalización. Dende logo, se seguimos por ese camiño, os viños de acabarán sendo iguais en todo o mundo, sexa Australia, Sudáfrica, Chile ou A Mancha. Dará igual onde tomes un viño, pois en todos os sitios serán iguais. E iso pode acontecer en calquera sector alimentario, sempre a costa de borrar do mapa aos produtos galegos e a todo aquilo que os fai singulares e únicos. Creo que a Administración, as organizacións agrarias e a patronal, deben estar unidas e poñerse en contra de “Viñedos de España”. Xogámonos a nosa identidade.